



## BASES

### “GALARDÓNS SÍNTETE COVELO 2015”

#### **Obxecto e ámbito de aplicación.**

“I Galardóns Síntete Covelo”, ten a finalidade de facer público o recoñecemento de proxectos destacados e relevantes, vinculados a cultura e o arte galega, e en especial ao noso Concello. Se valorarán especialmente as persoas, asociacións ou empresas, que fomenten a cultura tradicional galega e tamén o arte, en todo o seu ámbito xeral.

#### **Participantes.**

Será aberto a solicitude de presentación as candidaturas presentadas por calquera persoa física, xurídica ou asociación, propoñéndose a eles mesmos ou a outra candidatura.

#### **Formato das candidaturas.**

As candidaturas terán que ser presentadas en soporte informático, a través do correo [covelo.cultura@gmail.com](mailto:covelo.cultura@gmail.com), mandar o dosier por correo ordinario, ou directamente no Concello de Covelo, a atención da concelleira de cultura.

Deberán incorporar o seu currículum, notas de prensa, entrevistas na radio, vídeos, etc., que deberán aportar nun sobre onde indique os datos da persoa, empresa, asociación ou club que se propón para o “I Galardón Síntete Covelo”.

#### **Xurado.**

O xurado estará formado por 3 tres persoas. Membros dos distintos partidos políticos do noso Concello, por partes iguais.

1. M<sup>a</sup> Soledad González Arjones (ou persoa en quen delegue)
2. Alejandro Osorno Rodríguez (ou persoa en quen delegue)
3. José Fernández Muradás (ou persoa en quen delegue)

O xurado será o encargado de estudar e valorar segundo a táboa do (Anexo 1) e puntuar, podendo conseguir un máximo de 25 puntos e en caso de empate, realizarase sorteo metendo os nomes nunha bolsa pechada e escollendo unha man inocente o día da entrega dos galardóns.

#### **Criterios de valoración:**

1. Empadroadou con sede no Concello de Covelo
2. Fomento do nome do noso pobo
3. Fomento do Nome de Galicia
4. Fomento das tradicións galegas

As dúas candidaturas que obteña a maior puntuación, serán as galardoadas, e se lles dará un diploma acreditativo e a entrega dun agasallo representativo do Concello de Covelo.



### Datas importantes.

- 10 de xullo as 14:00 h. remata o prazo de presentación de candidatos aos Galardóns, tódalas candidaturas presentadas fora desa data non serán avaliadas polo xurado.
- 19 de xullo as 20:30 h. entrega de galardóns no Auditorio Municipal de Covelo, amenizado o evento pola Coral Xuntanza de Covelo.

### Aceptación das bases.

A participación e presentación da candidatura neste primeiro certame de Galardóns Síntete Covelo, implica a aceptación de tódolos apartados das presentes bases.

Quedan excluídos de ser galardoados os familiares en primeiro grado do membros do xurado.

### Aplicación orzamentaria.

O gasto total máximo en se valora esta actividade e de 735€, que se imputará a partida orzamentaria 334.226,09.

Covelo, 25 de xuño do 2015.

A CONCELLEIRA DE CULTURA



Asdo. Mª Soledad González Arjones

**(ANEXO I)**

**CRITERIOS DE VALORACIÓN**

<b>Candidato</b>		<b>DNI</b>	
<b>Domicilio</b>		<b>Telf.</b>	
<b>Empadroadou con sede no Concello de Covelo</b>	(3 puntos)		
<b>Fomento do nome do noso pobo</b>	<b>A través do seu traballo</b> (de 1 ata 5 puntos dependendo das veces)	<b>A través dos medios</b> (de 1 ata 5 puntos dependendo das veces)	
<b>Fomento do Nome de Galicia</b>	<b>A través do seu traballo</b> (de 1 ata 3 puntos dependendo das veces)	<b>A través dos medios</b> (de 1 ata 3 puntos dependendo das veces)	
<b>Fomento das tradicións galegas</b>	<b>A través do seu traballo</b> (de 1 ata 3 puntos dependendo das veces)	<b>A través de eventos públicos</b> (de 1 ata 3 puntos dependendo das veces)	

